



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

REUNIDOS

Dunha parte,

Don Xosé Antonio Sánchez Bugallo, Excmo. Sr. Alcalde-presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela que actúa en nome e representación do Concello de Santiago de Compostela, en virtude das competencias que lle son recoñecidas a este polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,

Don XXXXXXXXXXXX, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación da citada universidade, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, conforme ao establecido polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e polo artigo 85 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, con CIF Q1518001A, e domicilio en Pazo de San Xerome- Praza do Obradoiro s/n, CP 15705 de Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

Primeiro.

O Concello de Santiago de Compostela ven desenvolvendo, consorte a Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á prestación de servizos sociais de promoción e reinserción social.

É prestación básica dos servizos sociais, entre outras, a animación, prevención e cooperación social, que teñen por obxecto potenciar a participación de persoas e grupos na vida comunitaria, fomentando a iniciativa social, a solidariedade, o asociacionismo e o voluntariado, así como favorecer a toma de conciencia da cidadanía sobre os seus problemas e poñer en marcha mecanismos que fagan posíbel a participación destes na busca de solucións e na xestión dos servizos e actividades que se demanden.

Segundo.

O Concello de Santiago de Compostela, en atención á premisa de que os Servizos Sociais municipais deben ser o sistema de protección social máis preto da cidadanía e que desenvolvan programas e presten axudas que favorezan a participación, integración e benestar social das persoas ou grupos dentro do entorno comunitario, considera necesario garantir o dereito á saúde no eido buco-dental daquelas prestacións non cubertas pola Seguridade Social, entendida como un dereito fundamental para gozar dunha boa saúde, e imprescindible na procura de evitar a exclusión social e favorecer a integración e a inserción social e laboral.

Os beneficios dunha boa saúde oral son máis que evidentes: na capacidade de comer ou falar, na auto imaxe, na autoestima e nas relacións sociais

Terceiro.-

A Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) é unha entidade de Dereito Público que leva a cabo actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico

En concreto, a Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC, posúe o recoñecemento de Centro Sanitario outorgado pola Xunta de Galicia, onde se desenvolve, unha intensa actividade asistencial, dende fai máis de trinta anos, gozando de grande experiencia e prestixio.

Actualmente a Facultade de Medicina e Odontoloxía é o único centro público de toda a Comunidade Autónoma onde se levan a cabo todos os tratamentos bucodentais integrais. A importancia social da Facultade queda patente na actividade clínica desenvolta con colectivos con dificultades de acceso aos coidados odontolóxicos. Así ten desenvolto programas asistenciais para persoas con discapacidade severa, sometidos a tratamentos de quimio/radioterapia, menores tutelados, etc.

Cuarto

A Administración Local e a USC non poden permanecer alleas a situación que aconsella a adopción de medidas que garantan a calidade de vida das persoas e entre os diferentes aspectos que deben abordarse, atopase o sociosanitario, xa que un bo estado de saúde, xunto cunhas adecuadas condicións sociais proporcionan calidade de vida a cidadanía.

A saúde bucodental da veciñanza, o seu bo ou mal estado, ten claras repercusións sociais que superan o marco do estritamente individual.

O Sistema Nacional de Saúde, de carácter universal, inclúe a Odontoloxía entre as especialidades da súa carteira de servizos, sen embargo, nas patoloxías propias da cavidade oral, a cobertura habitual, límitase fundamentalmente a extracción dental, atopándose excluídos outros procedementos.

Quinto.

O Concello de Santiago de Compostela e a USC, en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos e institucións públicas e privadas no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente e, polo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a USC para levar a cabo o:

- **“PROGRAMA DE ATENCIÓN BUCODENTAL A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL”**

O carácter singular do presente convenio, vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario na atención a saúde bucodental ás persoas en risco de exclusión social

O evidente interese social e o gran labor desenvolto polas universidades levan ao Concello de Santiago de Compostela a establecer unha colaboración o máis estreita posible coa universidade pública asentada no termo municipal.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO.

Este convenio ten carácter administrativo, de acordo co disposto no artigo 6.1.c da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, vindo o seu réxime xurídico determinado polas cláusulas establecidas no convenio; pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; pola Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e pola lexislación de Réxime Local aplicable ao caso; e, no que resultasen imperativamente aplicable, polos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e, previo ditame non vinculante da comisión á cal fai referencia a cláusula décimo primeira, resolveranse motivadamente pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin a vía administrativa. Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a notificación da resolución e nos termos previstos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

TERCEIRA. ENTIDADE BENEFICIARIA E CONTIDO.

Denominación do Proxecto: “PROGRAMA DE ATENCIÓN BUCODENTAL A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL”

Descrición do proxecto/programa: A USC ten en Odontoloxía o único Centro público de Galiza onde se fan tratamentos bucodentais integrais. Dende hai décadas, unha boa parte da súa actividade clínica está orientada a colectivos con dificultades de acceso aos coidados odontolóxicos. Así ten desenvolto programas asistenciais para persoas con discapacidade severa, sometidos a tratamentos de quimio/radioterapia, menores tutelados...

As persoas en situación de risco de exclusión social teñen dificultades evidentes para acceder á atención odontolóxica. O catálogo de prestacións do sistema público é moi reducido e case limitado á realización de exodoncias. En consecuencia este colectivo sofre un progresivo deterioro da súa saúde bucodental.

Este programa pretende abordar esta problemática en todas as súas dimensións: facer un traballo de educación sobre saúde bucodental nas persoas beneficiarias (identificación de actitudes de risco, instauración de medidas preventivas), tratamento de dentes susceptibles de poder ser conservados mediante técnicas odontolóxicas básicas, e restitución de dentes perdidos con próteses dentais acrílicas removibles. A boa saúde dental mellorará a capacidade de comer ou falar, a autoestima e as relacións sociais, favorecendo a integración e a inserción social e laboral.

Obxectivos e Prioridades:

Obxectivos Xerais:

- Contribuír á mellora do benestar social das persoas en risco de exclusión social a través da mellora da súa saúde dental.
- Fomentar a adquisición de hábitos de hixiene oral preventivos e conductas saudables para evitar a aparición de novas patoloxías bucodentais.

Obxectivos Específicos:

- Educación sobre hábitos prexudiciais para a saúde oral no plano individual e no ámbito familiar: consecuencias para a calidade de vida, medidas de corrección e de prevención a curto, medio e longo prazo.
- Identificación de patoloxía ósea, dental e/ou mucosa no territorio orofacial.
- Detección precoz e derivación de persoas con lesións malignas ou potencialmente malignas.
- Aplicación de tratamentos preventivos tópicos (fluorización)
- Tratamento de patoloxía dentaria en dentición decidua ou definitiva con técnicas básicas de operatoria dental e/u periodoncia.
- Rehabilitación funcional e estética por mor de ausencias dentais mediante técnicas básicas de prótese dental removible.

Ámbito territorial:

-Concello de Santiago de Compostela

Persoas destinatarias das actividades do proxecto:

Todas aquelas persoas de entre 5 e 80 anos de idade que cumpran os requisitos para a concesión da prestación bucodental por atoparse en risco de exclusión social segundo os criterios establecidos na Ordenanza de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago de Compostela (requisitos que serán comprobados polo persoal técnico do Departamento Municipal de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela) e que presenten unha situación odontolóxica abordable dentro dos obxectivos deste programa (requisitos que serán comprobados polos profesionais da Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC)

Explicar o impacto previsto na comunidade destinataria do proxecto, así como o efecto multiplicador e o seguimento:

O impacto na comunidade ten diferentes derivadas:

- 1.A mellora da colaboración Concello de Santiago – USC no obxectivo común da promoción da saúde
- 2.Impacto directo na saúde oral e xeral dos/as beneficiarios, redución de patoloxía infecciosa e/ou dolorosa e melloras funcionais e estéticas.
3. Redución dos índices de patoloxías bucodentais polas accións de carácter educacional e preventivo.
4. Impacto de carácter social, integrador e laboral pola mellora na autoestima e autoconfianza asociada a mellora da saúde e estética dental
5. O efecto multiplicador virá asociado aos cambios de hábitos e redución de conductas de risco no ámbito familiar das persoas beneficiarias
6. O seguimento será o propio seguimento das persoas tratadas en termos de mantemento da saúde oral acadada, prevención de novas patoloxías e mellora nas súas relacións sociais e laborais,

Recursos humanos e materiais implicados na organización do proxecto:

- Persoal docente de materias clínicas do Grao de Odontoloxía.
- Alumnado de 3º, 4º e 5º curso de materias clínicas do Grao de Odontoloxía
- Persoal de Administración e Servizos asociados ás tarefas clínicas en Odontoloxía.
- Área Asistencial do edificio de Odontoloxía da USC
- Instrumental clínico e material funxible necesario para a atención odontolóxica das persoas beneficiarias.

Avaliación dos resultados:

Informe con indicadores de seguimento co número de persoas beneficiarias, datos desagregados por sexo, número de visitas, idade, tipo de tratamentos realizados...

Visibilidade do proxecto e como se vai a difundir:

Todas estas actividades serán difundidas no sitio web, xornal e redes sociais da USC así como na propia web de Odontoloxía.

Datas:

De maio a outubro de 2022.

ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER NO PROXECTO:

1. Nome da Actividade: “PROGRAMA DE ATENCIÓN BUCODENTAL A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL”

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER: Os distintos apartados das actividades son coincidentes co proxecto xeral.

As actuacións do programa aborda a problemática da saúde bucodental dende o punto de vista educacional mediante a instauración de medidas preventivas e bos hábitos de hixiene oral e dende o punto de vista correctivo mediante o tratamento de afeccións bucodentais.

OBXECTIVOS DESTA ACTIVIDADE: Crear unha conciencia de saúde oral, coñecer os principais factores de risco e promover boas prácticas preventivas.

- Eliminar patoloxías dolorosas/infeciosas
- Restaurar dentes que presentan patoloxías dentais
- Rehabilitar persoas con ausencias dentarias para devolver a función estética perdida.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE.- Persoas de entre 5 e 80 anos de idade que cumpran os requisitos para a concesión da prestación bucodental establecidos na Ordenanza de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago de Compostela.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Odontoloxía (USC). Rúa Entrerríos, s/n. En Santiago de Compostela

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN/EXECUCIÓN: O persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela identificará as posibles persoas beneficiarias que cumpran os requisitos establecidos na Ordenanza de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago de Compostela.

Posteriormente, farase a derivación destas persoas en risco de exclusión social, á Facultade de Medicina e Odontoloxía para a emisión dun informe bucodental segundo o exame realizado polo persoal docente clínico e procederase a iniciar o tratamento iniciado no informe.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

- Persoal docente de materias clínicas do Grao de Odontoloxía.
- Alumnado de 3º, 4º e 5º curso de materias clínicas do Grao de Odontoloxía
- Persoal de Administración e Servizos asociados ás tarefas clínicas en Odontoloxía.
- Área Asistencial de Odontoloxía da USC
- Instrumental clínico e material funxible necesario para a atención odontolóxica das persoas beneficiarias.

DATAS

De Maio a Decembro de 2022

CUARTA. COMPATIBILIDADE

Esta subvención é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada.

Para o caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

QUINTA. ORZAMENTO

Para a realización das actividades descritas no presente convenio o Concello de Santiago de Compostela achegará a cantidade de **10.000 € (DEZ MIL EUROS)** con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 4800023/2022** dos orzamentos xerais municipais, segundo o previsto nos artigos 31, 32, 33 e no Anexo ao Estado de Gastos dos Capítulos IV e VII das Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022.

A USC destinará as achegas feitas polo Concello de Santiago de Compostela a sufragar os gastos correntes derivados da execución das actividades realizadas no marco do programa obxecto deste convenio.

A USC achegará os recursos materiais e humanos para levar a termo as actividades sinaladas anteriormente e responsabilizarase e asumirá a coordinación total das actividades.

De non xustificar o importe total da subvención concedida, e sempre e cando se acadase a finalidade perseguida polo convenio, o Concello de Santiago de Compostela minorará a súa achega proporcionalmente ao importe xustificado.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN E MODO DE PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase coa xustificación do cumprimento da finalidade da subvención, a realización das actividades, e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa nos termos establecidos na normativa comunitaria e nacional de aplicación, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e integrada polos documentos que a continuación se sinalan:

1. Memoria de actuación.

a. Memoria de actuación, expedida polo órgano competente da USC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Acreditación documental, material ou gráfica (fotografías, fotocopias, captura de pantallas...) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada, segundo o disposto na cláusula novena deste convenio.

2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incluírá:

- a) **Certificación**, expedida polo órgano competente da USC dos gastos realizados segundo o disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que indica expresamente: “No caso das subvencións concedidas a outras administracións públicas ou entidades vinculadas ou dependentes daquelas e ás universidades, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida
- b) **Declaración responsable das axudas concedidas ou solicitadas** para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 30 de setembro de 2022 e deberá presentarse no Concello de Santiago de Compostela con data límite 30 de setembro de 2022.

SÉTIMA. OBRIGAS

A USC comprométese a:

1. Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes do Concello de Santiago de Compostela, e calquera outro órgano con competencias en materia de control de fondos públicos no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, comprometéndose a manter unha separación contable axeitada para os gastos relacionados coa axuda para facilitar a “pista de auditoría”.
2. Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e tamén se compromete a cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei.

3. Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

OITAVA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e o Concello de Santiago de Compostela, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes, nin se lle poderá esixir ao Concello de Santiago de Compostela ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

NOVENA. PUBLICIDADE, TRANSPARENCIA E COLABORACIÓN

1. As partes comprométense ao cumprimento das obrigas derivadas da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e demais normativa de aplicación, en particular ás obrigas de publicidade activa.

2. Asemade, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade se recollen no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2, sinalándose no apartado 20.8 que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE N° 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.1 sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas, rexendo con carácter xeral o réxime aplicable recollido no artigo 37 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Na mesma resolución, no seu apartado Cuarto, régulase o fornecemento de información da convocatoria á BDNS:

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.

2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:

- a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
- b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
- c) Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado. Entre eles figurará o diario oficial no que deba publicarse o extracto.

Ademais, poderá incluír:

- d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto nunha segunda lingua oficial.
- e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións de cumprimento, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados nos termos previstos pola citada normativa vixente. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da USC a favor do Concello de Santiago de Compostela para o tratamento necesario dos datos relevantes da subvención concedida e a súa publicidade.

3. A USC comprométese a:

1. Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice no desenvolvemento deste convenio o financiamento do Concello de Santiago de Compostela, así como os seus correspondentes logotipos ou aqueloutros que se determinen. En concreto, deberá figurar de forma visible un cartel informativo que indique este cofinanciamento no lugar onde se realicen as actividades, e constar en toda a documentación, publicacións, actuacións de difusión ou convocatorias relativas ou resultantes das actividades obxecto deste convenio.
2. Comunicarlle ao Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentan a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
3. Facilitar a actuación do persoal técnico do Concello de Santiago de Compostela no referente ao seguimento das actividades obxecto da subvención e remitirlle un informe final detallado das actuacións levadas a termo.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO

Serán causa de revogación deste convenio as recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en especial, o incumprimento dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas.

A subvención concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da subvención contemplada no presente convenio.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

Procederáse ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida xunto cos xuros de demora devengados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da subvención percibida.
2. Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

Para o caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederáse á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegraranse á tesourería municipal as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese. En todo caso, a Universidade de Santiago de Compostela sométese á normativa vixente en materia de subvencións, referenciada na cláusula segunda.

DÉCIMO PRIMEIRA. SEGUIMENTO E CONTROL

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constitúese unha comisión mixta que estará integrada por:



- Polo Concello de Santiago de Compostela, a Concelleira-delegada da Área de Concellaría de Políticas Sociais, que poderá dispor a súa substitución por persoal da área.
- Pola USC, o seu Excmo. reitor magnífico ou a persoa que dispoña para que o substitúa.

Sen prexuízo do anterior, todas aquelas cuestións relacionadas co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas polo Concello de Santiago de Compostela.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, se ben serán subvencionables ao abeiro do mesmo coas achegas feitas polo Concello de Santiago de Compostela as accións englobadas no presente convenio que a USC realizase dende o 1 de xaneiro de 2022 ata a data límite para a presentación da xustificación, indicada na cláusula sexta.

E en proba de conformidade, este convenio se asina mediante sinatura electrónica

Don Xosé Antonio Sánchez Bugallo Concello de Santiago de Compostela.	XXXXXXXXXXXXX Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO I

ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO E PARA OS CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

ACTIVIDADE/PROGRAMA: “PROGRAMA DE ATENCIÓN BUCODENTAL A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL”

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2022
INSTRUMENTAL ODONTOLÓXICO PARA A REALIZACIÓN DE TRATAMENTOS	3.500 €
EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPIS)	1.500 €
MATERIAL FUNXIBLE PARA A REALIZACIÓN DE TRATAMENTOS DENTAIS (ANESTESIA, EMPASTES, PRÓTESES, LIMPEZAS...)	5.000 €
TOTAL	10.000 €

Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado. Non serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto.



O orzamento e un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduza o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.